

Encontro con Iris Murdoch en Compostela*

Manuel Míguez Ben

- ¿De onde tira as ideas para escribir una novela? ¿Onde atopa as súas, así chamadas, epifanías ou aperçus? ¿Cal é o procedemento que segue despois diso? Henry James adoitaba dicir que nalgunha cea oía algunhas anécdotas e que as súas narracións procedían da elaboración destas. Para vostede, ¿cal é xeralmente o punto no que comeza?

Coido que habería que empezar máis atrás. Meu pai era un home de libros e eu lía novelas arreo. Empecei a ler novelas a unha idade moi temperá, a ler historias. É dicir, adoitaba reler a Kipling ou Robert Louis Stevenson e pensar qué maravilloso poder escribir unha historia. Logo pensei que tamén eu podería escribir unha, así que empecei a escribir historias cando tiña nove anos. Pero no safu nada diso. Dalgún xeito, cría que iso era o fundamental, así que, en certo modo, o comezo da resposta sería que a idea dunha historia e dun argumento e duns personaxes é, en si mesma, emocionante e a un gústalle facelo mirando ás persoas que o fixeron tamén, ás persoas que, non agora, pasaron tanto tempo lendo libros do século XIX. Pero eu lín as grandes novelas do século XIX, as inglesas, e, por suposto, os novelistas rusos influíronme moito –Dostoievski, Tolstoi– e iso sería a contestación. E isto quedou comigo como a parte máis emocionante de toda a operación que é para min facer un argumento realmente bo e poder poñer unha estrutura e uns personaxes que xorden inmediatamente, automaticamente por así dicilo, e viven e ocupan esa estrutura. Así que a novela, o comezo da novela, esa especie de movemento inmediato, é pensar en dúas ou tres persoas que teñen un dilema; e logo o argumento, o que lles pasa, xorde, se un ten sorte case automaticamente. Creo que é prudente, é dicir, eu aconsellaríalles ós novelistas mozos que intentasen ter o argumento antes de se sentar a escribir a primeira palabra, porque co argumento o resto ven automaticamente. É como ver o crecemento dunha pranta ou algo así. O argumento e un ou dous personaxes daranlle a un moi rapidamente outros mundos, é dicir,

(*) Este encontro do Profesor Míguez Ben con Iris Murdoch, tivo lugar na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela no mes de novembro de 1992. Por especial interese do autor da entrevista, reproducimos tamén, e de xeito excepcional, a transcripción inglesa da conversa por el realizada.

traerán consigo certo tipo de necesidades, certo tipo de xente, e logo o deseño total presentarase pouco a pouco. Pero tamén estou con Henry James e cos demais que din que todo tipo de cousas pequenas e triviais merecen ser apuntadas, e que un pode querer usalas anos máis tarde. Eu levo un diario, non especialmente sobre escribir novelas, é máis ben un diario realmente moi aburrido con frases como «fun nadar» ou «vai un día de sol», e nel teño certas cousas, todo tipo de cousas que coido que algunha novela, vaia, que contribuirán ou axudarán a unha novela anos máis tarde.

- ¿E como escribe a novela? ¿Cal é o procedemento exacto, usual? ¿Escríbea a man, revísaa,scríbea a máquina? ¿Como a crea?

Ben, non escribo a máquina, no uso un ordenador, porque creo que me resultaría imposible, e ademais estropea o estilo facelo cun ordenador. De todas maneiras, escribo cunha pluma estilográfica Montblanc, unha pluma marabillosa da que parece fluír a tinta, e leva tempo abondo, ben pensando todo tipo de notas, moreas e moreas de notas e preguntas que teñen que ver co funcionamento e a aparencia superficial do argumento. E logo non escribo a primeira liña ata que teño absolutamente claro o argumento. E con isto, pois xorden todo tipo de cousas, detalles sobre os personaxes e todo tipo de chistes e todo tipo de outras cousas calquera, de onde veñen, etc... Logo escribo un borrador completo primeiro que está case rematado, quero dicir que é como escribir a novela en blocks de pastas duras coa mesma estilográfica. Eu escribo na páxina da dereita do caderno e deixo a da esquerda en branco. É moi importante porque así se decata un de que se lle pasou algún tipo de conexión que un se esqueceu no momento, é dicir se Gertrude estaba en Oxford ou algo así, todo tipo de pequenos detalles que un pode querer cambiar, e tamén mesmo cousas moi importantes que logo poño na páxina da esquerda. Logo escribo a versión final en follas soltas que poño nun cartapacio no que se suxeitan, e que ademais é moi útil porque sempre podo romper unha páxina e escribir outra. E despois está alí todo e cando chega ese momento xa está practicamente rematado excepto moitos detalles. Pero creo que, non sei, quizais é algo que algúns escritores fan automaticamente e outros non, pero eu si. Quero dicir, de súpeto xorden uns sinais desa selva caótica enorme da experiencia dun, do que pasa tódolos días, e creo que é moi bo que eu teña un caderno sempre comigo, e que algo raro, nada que teña que ver coa novela que estou escribindo, que non saiba que podo facer con el, entón escribo, e que algo que di a xente ou algo divertido ou algo gracioso ou algún tipo de experiencia ou concepto sobre o mundo. Non sei, eu creo que escribo un tipo de novela moi tradicional que trata da xente, da sociedade, do mundo e de todo tipo de cousas e animais. Gústanme especialmente os animais. Hai todo tipo de cousas sobre os animais que se poden escribir. Por exemplo, nunha novela que veño de rematar, teño a un can e coñecino na realidade, na vida real é cadela, pero é can no meu libro. Vino dúas ou tres veces. É un collie galés de ollos azuis, é un dos poucos cans que ten ollos azuis, e en certo xeito a idea dun can de ollos azuis é irresistible, e escribo moitas cousas dese tipo. De súpeto, unha parte da escena que nos rodea pode aparecer iluminada e entón escribo.

- ¿Déixalle a algún editor retocar os manuscritos ou mándallos á editorial e devólvenllos dicíndolle o que debe corrixir?

- *¿Ten algunhas ideas sobre a razón ou a motivación que a leva a escribir a vostede? É dicir, ¿cal é a razón pola que o fai? ¿Quere dicir algo que hai que dicir ou sobre o que vostede teña ideas moi fortes ou é unha cuestión de ego?*

Vaia, non creo que haxa ningunha desas cousas. Dende logo, hai razóns en calquera novela ou na mente de calquera novelista. Pode que nalgún momento unha cousa en particular, unha cousa social, algunha causa, algo que ocorra, pague a pena anotalo. Pero eu non creo que teña ningunha motivación dese tipo. É dicir, non quero apoiar ningunha causa política, aínda que hai temas políticos nas miñas novelas, nin tampouco exhortar a un tipo particular de persoa a facer algo. É parte dun instinto natural, como o instinto dos animais, que tiveren dende que era cativa e que meu pai me animaba. Pero non publiquei cousa ata que tiveren trinta anos. Estiven moi ocupada coa guerra en primeiro lugar e despois veume a filosofía, que tamén é un factor moi importante. Estaba en Oxford cando comezou a guerra e os homes maiores ca min foron chamados a filas ó exército, e ás mulleres deixáronnos rematar as carreiras. Así que eu rematei a carreira, pero uns dez días despois de tela rematado marchei sen saber a nota que tivera e metinme na administración a esa idade porque moitas mulleres foron chamadas a filas, pero na administración, porque os homes estaban no exército. A meu pai encantoulle porque dicía que el tamén estaba na administración, só que a súa sección, por desgracia, foi trasladada ó norte de Inglaterra, e eu estaba na Facenda, en Whitehall, onde caeron tódalas bombas, así que había moita animación nesa época. Non se facían planos de futuro porque, en primeiro lugar, non se sabía o que lle ía ocorrer a un ou ó mundo. Nesa época non fixen planos sobre o que ía facer ou se ía seguir coa filosofía ou así. Así que inmediatamente ó rematar a guerra quixen ir traballar cos refuxiados e trasladáronme a Austria a traballar coas persoas desprazadas, cos refuxiados que estiveran en fábricas e escravizados nelas. Non podían durmir, había que alimentalos, vestilos e demais, e ó cabo marchaban a outra rexión que normalmente non era a súa patria.

- *¿Foi esa a época dos episodios nos que se di que tiveron actuacións cos refuxiados, criticadas despois, Harold McMillan e Kurt Waldheim? é dicir, cando ós refuxiados que non querían volver a Rusia foron enviados alí.*

Vaia, eu estaba en Klagenfurt pero non souben nada diso.

- *¿Quere dicir iso ata que os demais o soubemos anos máis tarde?*

Si, coido que moita xente podería telo sabido nesa época, pero deuse a casualidade de que eu non. Estaba a traballar nun campo de refuxiados. En realidade, creo que UNRRA¹ fixo un marabilloso traballo cos refuxiados que de non morreren de fame estarían loitando. De tódolos xeitos, ese traballo era tan satisfactorio para min que crin poder facelo toda a miña vida, ou seguir facéndoo. Sen embargo, algo que ten que ver co escribir sucedeume en Bruxelas onde estaba eu traballando nese momento. Como non conseguira nin libros franceses nin de ningún outro tipo

1. Administración para Rehabilitación e Axuda das Nacións Unidas. Ente administrativo creado para a asistencia ás nacións devastadas na Segunda Guerra Mundial. Creado en novembro de 1943 por corenta e catro signatarios, funcionou ata 1947 en que foi substituído por axencias especializadas como UNICEF e maila Organización Mundial da Saúde.

durante esa época porque estiveramos illados nunha illa durante a guerra, caéronme nas mans un par de libros de Sartre², *L'Être et le Néant*, así que coñecín a Sartre. De calquera xeito decidín que volvería a Inglaterra a ensinar filosofía porque fixera unha carreira basicamente de filosofía.

- *¿E iso non resultaba moi extraordinario na Inglaterra da época? Porque se adoita ter a idea de que os ingleses non se interesan pola filosofía. Probablemente é unha idea errónea, pero parece como que resulta especialmente extraño para a mentalidade inglesa a idea da filosofía.*

¿Quere dicir algo como Sartre e *L'Être et le Néant*? Ben, creo que é verdade e que as tradicións filosóficas europeas, especialmente a metafísica de Heidegger e Sartre, e a filosofía máis apegada á terra da tradición anglosaxona de Locke están moi arredadas a unha da outra. É algo que pensara nesa época eu porque quería seguir coa filosofía europea, cos grandes filósofos como Platón, Aristóteles, Kant e Hegel que parecen tratar de unir esas dúas correntes. Unha morea de persoas traballaban neses filósofos entón. De tódolos xeitos, o primeiro libro que escribín foi un libro sobre Sartre (*Sartre: Romantic Rationalist*, 1953), o primeiro que publiquei. E logo escribín outros libros aínda que o último que publiquei é o máis amplo dos libros de filosofía que escribín.

- *Metaphysics as a Guide to Morals.*

Si, que é un título suxerente.

- *¿E non é extraordinario dentro do mundo literario inglés que teña publicado un libro de filosofía vostede? Foi clasificado en Times Literary Supplement na sección de filosofía. O crítico que se elixiu para facer a recensión é un filósofo e non alguén conectado coa literatura.*

Si, en realidade é bastante natural, ¿certo? Vaia, eu ensinara filosofía anos e anos. Traballaba ensinando filosofía en Oxford e escribía novelas como unha segunda actividade. Pero despois de que tiveran éxito as miñas primeiras dúas novelas, pois, parece que me entrou a adición a escribir. Tiven que seguir escribindo máis e máis novelas, e fíxeno e asemade tamén seguía ensinando filosofía e, como digo, escribín algúns pequenos estudos sobre filosofía. E logo este, *Metaphysics as a Guide to Morals*, é o primeiro importante. Pero si, vaia, un pregúntase como se poden unir estas actividades da escritura e da filosofía, non creo que se poidan unir na realidade; creo que en certo sentido é a cabeza da persoa que as une, en certo modo. A filosofía é moi diferente, é absolutamente diferente da literatura. Os seus obxectivos son diferentes e aí é onde o punto de partida e o comezo da división do estilo da filosofía europea e o estilo empirista anglosaxón vaise facendo cada día máis grande, cando nun principio poderían ter chegado a se unir. Este estilo é agora moi diferente, especialmente pola actitude de certas persoas como Jacques Derrida. E eu penso que algo moi bo na filosofía anglosaxona é esta necesidade que se ten dunha transparencia absoluta. Un filósofo ten que ter un estilo literario moi bo e unha

2. Jean Paul Sartre (1905-1980) publicara *L'Être et le Néant* en 1943, traducida ó inglés en 1956 co título de *Being and Nothingness*. É o seu tratado filosófico máis importante no que fai unha apaixonada defensa da dignidade humana, particularmente desfeita na época na que apareceu o libro.

capacidade para facer as cousas claras e para escribir con absoluta transparencia, e Heidegger -coido que *Sein und Zeit*³ é a gran novela do século, a gran novela metafísica do século. A xente di que os grandes filósofos do século son Wittgenstein e Heidegger, pero eu creo que Heidegger é mellor que Wittgenstein. Claro que Heidegger nas súas últimas obras, baixo a influencia de Nietzsche, chega a ter unha certa idea de que o ser é unha forza extraña, grande, e que o home é vítima do ser. De todos modos, esa separación entre a tradición anglosaxona, os filósofos empiristas, e os filósofos europeos prodúcese porque os filósofos anglosaxóns séntense realmente confusos. Vaia, non me gustaría poñelo desta maneira, pero cren que todo este tipo de cuestión metafísica que Rousseau e Heidegger e de máis propoñen é simplemente algo que produce confusión, e que a única filosofía clara é a que está conectada coa lóxica: a que eles mesmos seguen. Creo que é ésta a gran crise da filosofía⁴. Hoxe en día, que a filosofía xa non se ensina nos colexios, creo que é unha boa idea porque non se pode ensinar filosofía a ninguén que teña menos de 18 anos. Ademais, aínda que eu sinta que desapareza a filosofía, creo que é natural porque os problemas que a filosofía presentaba hoxe soluciónanos os científicos e os historiadores.

- *Ben sei que non lle gusta que lle fagan preguntas sobre a súa vida, pero volvendo á cuestión da súa estadía en Bruxelas cando traballaba para as Nacións Unidas, ¿cales foron os seus contactos co comunismo, se é que tivo algúns?*

Nesa época ningún. Quero dicir, díxose moito disto. Eu era marxista cando tiña vinte anos e estaba en Oxford, e tiveron un pequeno asunto co marxismo nesa época. Eu era moi de esquerdas e fun a un colexio moi de esquerdas, era de esquerdas e en Oxford era o que se era. Claro que o deixei moi pronto porque varias persoas dixéronme o que estaba a ocorrer en Rusia e entón aquilo era moi difícil de entender. E iso é todo.

- *Volvamos ás diferentes etapas de súa obra. Agora parece considerar que a súa primeira novela publicada, non a primeira que escribiu, Under the Net, é unha novela que non lle gusta.*

Non, non, non. Iso retíroo. O que quero dicir é que as primeiras novelas, con excepción de *The Bell*, non son tan boas como as seguintes. Eu creo que *Under the Net* é un caso especial. É a miña única novela realmente filosófica, na que a filosofía é algo moi serio. Gústame moito, é un libro memorable, pero o título é anterior a Derrida. *Under the Net* é unha discusión filosófica e ó que o título do libro fai referencia é a a rede da linguaxe. Tamén escribín un artigo filosófico sobre isto que se chamaba «The Search for the Particular», e esta imaxe en particular sempre a teño presente: a relación da linguaxe coas entidades, con certas entidades, e *Under the Net* é o retrato da rede da linguaxe e do que está debaixo e como está debaixo da realidade ou o caos. Así que o título resultoulle a moi pouca xente importante. Non se decataron. Cando se traduciu ó francés, a traduciron como *Dans le filet* e non como *Sous le filet*, e iso fixo que parece como un asunto amoroso.

3. Martin Heidegger (1889-1976) publicara *Sein und Zeit* en 1927 e abriña con isto o chamado existencialismo. A súa obra non apareceu en inglés ata 1962 co título de *Being and Time*. Se o ser foi analizado por el nesta obra, a nada sería o tema central dous anos máis tarde de *Was ist Metaphysik?*, aparecida en inglés en 1945 co título *What is Metaphysics?*

4. A entrevista seguiu sobre outros derroteiros das diferentes tradicións, da ensinanza da filosofía en Inglaterra e en España.

- Clasificouse nesa época, posiblemente por cuestións como a forma picaresca dalgunhas das súas primeiras novelas, como pertencente ó grupo de Angry Young Men, e supoño que os críticos máis tarde foron un pouco reacios a cambiar esa primeira impresión, normalmente fano. Suponlles un gran esforzo o cambiar a maneira de vela porque pódeseles acusar de ter sido cegos na súa primeira apreciación do escritor.

Penso que cambian de actitude automaticamente. É dicir, *Under the Net* ten certas notas raras que lles poden levar a facela pertencer ós *Angry Young Men*. Ademais, esta xente era xente que eu coñecía e as nosas primeiras novelas apareceron máis ou menos na mesma época. Así que creo que é unha idea bastante inocua. Aínda que, hoxe, eu desbotaría.

- Logo, ó final dos anos sesenta, as súas novelas parecen converterse nalgo cómico, mentres que dos anos setenta en adiante parece ser que o lado fantástico, a cuestión de mitos e fábulas parece ocupar máis espacio na súa obra. ¿Considera que as súas obras dos últimos quince anos son totalmente distintas das que fixera antes?

Non creo que haxa tal diferenza. Creo que hai un progreso continuado e comicidade –creo que tódalas novelas deben ser cómicas– e dalgunha maneira en *The Bell* esta comicidade é máis evidente. Non sei, creo que escribo máis sobre a vida e tamén teño máis atrevemento. Creo que hai que telo, que os novelistas mozos non o teñen, pero eu si.

- As súas novelas e as de William Golding, e en certo sentido as de Angus Wilson, parecen ter algo en común e, posiblemente, consideraranse no futuro entre as mellores novelas desta época, novelas serias, que debaten ideas, que tratan de cousas profundas. ¿Non considera que esa estrutura de fábula e simbolismo se debe ás súas lecturas, que pode ter sido influída vostede pola novela dos anos vinte e os anos trinta, nas que símbolos e linguaxe metafórica, en xeral, é tan importante, e que a outros escritores de súa xeración non lles influíu?

Non creo que me influíse en particular a idea de utilizar mitos e demais. Creo que isto é natural, que estas cousas son naturais. Quero dicir, a mitoloxía vive na vida da xente e eu non me consideraría nunca un escritor mítico en particular. Creo que as miñas novelas tiñan unha certa sensación de algo xeral, que trataban da vida na súa totalidade, e que todo tipo de imaxes, imaxes alegóricas ou de mitos e demais, se é que están alí, pois xorden da estrutura profunda da novela, das formas profundas de creación das que falabamos ó principio. Por suposto, cando se está escribindo a novela é posible que o feito de que eu tivese unha formación clásica e que coñecese ós gregos me axudase. Pero en certo sentido, todo axuda ¿non? Así que non me consideraría eu, nese sentido, pertencente a unha escola en particular de escritores míticos. Pero si, claro que lera e lera novelas toda a miña vida, lido e relido...

- Cando dixo que comezaba co argumento xa rematado, ¿quería dicir con iso que xa tiña unha especie de deseño completo ou deseños que despois mantén estrictamente no desenvolvemento desa estrutura?

Ben, deseño volve a suxerir unha especie de configuración abstracta e, en realidade, o primeiro esbozo terminado é algo moito máis complexo que ten que ver máis cos

seres humanos e con toda a estrutura do libro, que co que un vai facer cos personaxes. Creo que as novelas teñen un deber cara ós seus personaxes. É dicir, un tipo de novela crúa serían as historias de detectives como as de James Bond, por exemplo, unha historia ou algo onde o heroe é o novelista.

- *As súas novelas hai quen as describe como novelas de detectives filosóficos.*

Si, pero iso é moi equívoco. Quero dicir que non son novelas de detectives. O que o leva a un a escribir son todo tipo de emocións, todo tipo de pensamentos, e un ten que decidir cómo son exactamente en realidade os personaxes, e estar preparado para cambialos e para considerar as súas paixóns. Quero dicir que hai que pensar nas fórmulas profundas da personalidade da xente e demais. É moi importante. E a un inspíranos outros novelistas, e a min inspíranome Tolstoi, Dostoievski e Dickens.

- *Leunos traducidos, ¿supoño?*

¿As novelas rusas? Si, linas traducidas. Os rusos chegaron ás nosas vidas máis tarde, e John Bailey, o meu home, crítico literario, escribiu un libro sobre os rusos e coñecemos, quero dicir, el sabe ruso [e eu manéxome] o bastante como para ler ruso.

- *E cando a influíron a vostede, ¿léraos en ruso?*

Nesa época en inglés.

- *E cando os leu en ruso, ¿encontraba que eran diferentes do que lera en inglés?*

Si, sempre se podía ver a diferenza. Había cousas raras. Un normalmente pode ver as cousas extrañas nas traducións, pero, dunha maneira ou doutra, hai xentes ás que un se sente unido, a min pásame iso coa India, e eu sentínme profundamente unida a Rusia, quero dicir á novela rusa. Creo que a novela rusa é a novela por excelencia, e tamén poñería nese nivel a Dickens...

- *¿A novela segue tendo para vostede interese pola vida dos demais?*

Si, creo que é isto o que o novelista fai cos personaxes. Creo que cando un está metido no pracer de escribir unha novela, cando todo vai ben, se todo vai mal un séntese mal, pero se todo vai ben é cando un coñece a esta xente, é cando un ve como se deitan de entender uns cos outros e outras cousas así que teñen que ver coas relacións humanas.

- *Supoño que a vostede é vista dentro da escena literaria británica como algo tradicional, precisamente por este interese seu polos personaxes e pola creación de personaxes.*

Non, non sei. Creo que isto é o normal na novela, en Inglaterra e en América polo menos⁵. Pero despois de todo, ¿que hai máis interesante en todo o mundo que a personalidade da xente? Esta idea de que os personaxes son pouco importantes

5. O longo da conversa xorde o tema de Jacques Derrida e a súa influencia na crítica norteamericana, coñecida como a *deconstrución*. Xorde o problema de que crítica se converta en algo máis importante que a propia literatura. Sobre este particular Iris Murdoch parece ter opinións moi definidas e expresa,

déixanos un pouco cunha incapacidade de ler a Tolstoi e a Dostoievski ou a Dickens. Ben, eu creo que hai xente que pode escribir como Joyce e como en *Finnegan's Wake*, e creo que non hai nada perigoso niso, pero convertelo na regra de ouro da escritura é algo que produce un grande mal e que ós novelistas mozos que o intentan failles moito dano. Os libros de Derrida están cheos de retórica. Son libros que empregan unha xerga que en último término está tomada de Saussure, é algo que a min me causa pavor, o mesmo que os estudantes e os novelistas novos se metan nesta especie de círculo de xerga, e creo que deberían reconsiderar seriamente o oficio de escribir e que a retórica de Derrida e da crítica é algo confuso e falso. ¿Cal é a verdadeira obra de arte? ¿Que é ou que é importante realmente hoxe en día? Parece ser que non é o texto mesmo senón a *critique* do texto, así que ¿o pobre autor non conta, non existe? Síntome terriblemente preocupada por todo isto. En realidade, creo que todo isto se debe á desaparición da relixión. Quero dicir que unha das grandes crises do século é a desaparición en moitos círculos da crenza relixiosa literal.

- ¿Ve vostede algún tipo de conexión entre esta énfase actual nas sectas e na división da crítica literaria en sectas, por así dicilo, e a perda gradual desta crenza relixiosa da que vostede fala?

Isto é un pouco perigoso, e xa se sabe que se un non se explica claramente podería crear unha impresión equivocada. Eu non son unha crente literal, pero penso que a relixión e o ensino da moral é moi importante, e que a diferenza entre o ben e o mal hai que ensinalo. Hai cousas que aparecen nas miñas primeiras novelas, nas que hai xentes que son boas e xentes que están equivocadas, que algúns son bos e algúns son malos, todo este tipo de cousas, se un pensa nas vidas tan terribles e complicadas que temos os seres humanos, ben, o que ninguén trate de buscar un modo mellor de facer as cousas o que ninguén sinta remordemento, ben todas estas cousas normais que habería que facelas todo o tempo adoitan afectar ó tecido da vida humana que é, en si mesma, en gran parte moral e en gran parte avaliadora. Fanse continuamente xuízos de valor e isto que fan os críticos con esta idea de seguir a un crítico é perder de vista a totalidade da cuestión de qué é ser humano. Ben, isto non é exactamente filosofar, pero suxire que temos que pensar no que somos realmente e pensar nos nosos motivos e que a xente, loxicamente, fai isto con naturalidade e, claro, a xente nas novelas faino tamén, e mostrar con forza e con claridade e paixón como se portan os seres humanos non é psicoloxía, é arte, é Arte cando se fai ben. O andar con cuestións de nomenclatura ou etiquetado é en realidade a tradición aristotélica que se mantivo na Europa continental pero non noutros lugares, como Inglaterra. Creo que se perde substancia terriblemente nestas cousas, que é monstruoso, en certo modo, impedir á xente ler a Jacques Derrida, pero a súa crítica é en realidade unha parcela pequena, comparativamente pequena aínda cando se faga ben, que normalmente non se fai⁶. Creo que todo isto se debe á completa ignorancia da moralidade

ó respecto, con forza, o seu pensamento sobre Jacques Derrida e James Joyce, o novelista inglés por el preferido. A conversa deriva cara ás actitudes da crítica da deconstrución de Jacques Derrida e a influencia totalizadora sobre ela da obra experimental de James Joyce *Finnegan's Wake*. Iris Murdoch chega a considerar que o feito de que a crítica se faga máis importante que a literatura é unha situación de pesadelo.

6. A conversa leva a Iris Murdoch a preguntar sobre os costumes dos estudantes galegos respecto ós seus hábitos de traballo, os seus críticos favoritos, etc., e se mencionan a Mikhail Bakhtin e os seus conceptos sobre as novelas dialóxicas. Isto fai que se volva á primitiva cuestión filosófica de Hegel e os seus epígonos.

que aparece en Heidegger. En Heidegger e en Derrida, esta noción, este concepto que eles teñen de *écriture* é, en realidade, unha distorsión do que Saussure presentaba. Saussure ofrecía unha especie de diagrama que lle pode axudar a un a entender ou a pensar sobre a linguaxe, e Derrida fai deste diagrama algo real. Pero a linguaxe é un mar enorme que non podemos ver na súa totalidade, non podemos entender qué é o que significa cada peza da linguaxe porque ten unhas conexións infinitas con outras pezas. Ben, eu creo que a linguaxe ten esa característica de que as palabras teñen conexións con outras palabras e demais. Pero isto convértese en parte dese gran dualismo elitista: o que a maioría da xente non usa a linguaxe senón que a linguaxe úsaos a eles e que non saben en realidade o que din. Todo isto o que fai é desaparecer a verdade.

- *Para concluír, creo que vostede pensa que é moi importante a precisión na palabra, o uso preciso da linguaxe. ¿Pensa que o futuro da literatura vai cara a unha maior transparencia?*

Algunhas persoas en América rírianse disto, pero eu creo que os intereses e a realidade da vida mesma é o que é máis importante para meirande parte dos escritores, e penso que isto é así. Hai máis escritores que non oíron falar de Derrida e que escriben estupendas novelas.

- E seguirán a facelo.

Transcripción da conversa orixinal

- *Where do you get ideas to write a novel from? Where do you find your so-called «epiphanies» or aperçus? And what is the process after that?. Henry James used to say that at dinner parties he sometimes heard a certain anecdote and that he elaborated his fictions from that, what is the usual starting point for you?*

